



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dez de xaneiro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González, que se incorpora cando se cita.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO ÚNICO.- Proposta da alcaldía de inicio da contratación das obras de “POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ”, obras co financiamento do 1% Cultural do Ministerio de Fomento.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA (ACORDO DE INICIACIÓN)

Visto o proxecto básico e de execución de “PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA”, por Arquitectura Obradoiro Aberto S.L.P., por importe de 1.033.931,14 euros.

Tendo en conta que as obras son obxecto de financiamento do 1% cultural do Ministerio de Fomento, ” por un importe de 775.448,36 euros, correspondente o 75% do valor total das mesmas, sendo asinado en data 1 de decembro de 2011 Convenio de



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Colaboración entre o Ministerio de Fomento e o Concello da Guarda para a financiación das obras.

Pola presente propono ó Pleno á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: INICIA-LA contratación por procedemento aberto pola contía de UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL NOVECENTOS TRINTA E UN EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (1.033.931,14 euros) IVE ENGADIDO.

A obra e necesaria para os fins de definir as obras consistentes en : posta en valor do Castelo, para a súa utilización e disfrute polo público, en parte como parque botánico, e para poñer en uso as inversións realizadas no centro de interpretación das fortalezas transfronteirizas do Baixo Miño, o cal xustifica a súa contratación.

SEGUNDO: Solicitar a emisión de informes por parte dos servicios económico e xurídicos municipais, así como a redacción dos pregos de cláusulas técnicas e económico-administrativas particulares que debe servir de base para a adxudicación do contrato.

**A Guarda, 22 de decembro de 2011
O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”**

Intervén o señor Español Otero, que ante algunhas dúbidas xeradas na Comisión de Asuntos Plenarios, se dirixe á secretaria para que explique a tramitación a seguir na licitación das obras, así como a posibilidade de reducir os prazos e abreviar o procedemento, tanto a través da tramitación urxente como mediante delegacións de acordos do Pleno no Alcalde.

(Incorpórase á sesión o señor Rodríguez González).

A secretaria explica que os pasos a seguir son os seguintes: tra-la aprobación do proxecto, que tivo lugar por acordo plenario de setembro de 2011, deberá acordarse a iniciación que hoxe se somete a Pleno, e posteriormente redactar os pregos, emitir os informes xurídico e de fiscalización e traer a Pleno, previa Comisión Informativa, a aprobación do gasto e dos pregos, ordenando a publicación no BOP e no DOGA, que pode ser tramitada por urxencia, porque aínda que o importe é superior, sería a cargo do adxudicatario. Unha vez publicado, con tramitación ordinaria, hai 26 días para a presentación de ofertas polos licitadores, e deberían celebrarse un mínimo de dúas mesas de contratación, nas que estarían representados os grupos municipais. A mesa formularía unha proposta, que elevaría ó Pleno, que previa Comisión Informativa, requiriría ó licitador para a presentación do aval, e unha vez presentado, o Pleno, novamente previa Comisión Informativa, acordaría a adxudicación da obra. En resumo, deberían celebrarse tres Plenos máis, coas correspondentes Comisións Informativas, sempre que non houbera calquera incidencia, que debería resolver tamén o Pleno. En canto a tramitación urxente, debería xustificarse de acordo co que establece a lexislación aplicable, e reduciría os prazos á metade. En canto a posibilidade de delegación, xa se fixo nalgunha ocasión. Trátase de competencias delegables, e debería acordarse polo Pleno a delegación dos acordos, respectando a proposta da mesa de contratación. Finalmente



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

explica que o presente acordo de iniciación non vai acompañado de informes porque neste momento non son preceptivos, senón que é con este acordo co que se piden os mesmos.

O señor Español Otero di que o equipo de goberno tratará de traer ó proximo Pleno ordinario os pregos e a xustificación da tramitación urxente para tratar de reducir os prazos, así como que se optará pola publicación urxente nos Boletíns correspondentes. Despois deberán ver, sen furtar competencias ó Pleno, a posibilidade de delegar os dous últimos acordos no Alcalde, tanto o requerimento do aval como a adxudicación definitiva, sempre de acordo coa proposta da Mesa de contratación. Explica que a obra ten que estar adxudicada antes do 1 de abril, e antes do 1 de xuño de 2012 hai que xustificar 206.786,23 euros, e cun procedemento normal se retrasarían os prazos. Se tratará de ver a forma de facelo por urxencia, e se hai acordo, suprimir os dous últimos Plenos.

A señora Estévez Álvarez di que non vai intervir.

O señor Lomba Alonso di que o BNG non vai poñer impedimentos na obra, pero advirte que están moi xustos cos prazos, e o Convenio foi asinado o 1 de decembro, poderían ter algo adiantado. Di que ten unha preocupación, pois todo aquilo que sexa descargar as arcas municipais é importante, e pregunta se hai novidades sobre a aportación da Xunta de Galiza a esta obra, pois a Xunta debe implicarse neste proxecto.

O señor Alcalde responde que foi cursada petición formal por escrito para que se pronuncien, a aspiración era que do 25% de aportación municipal a Xunta aportarse a metade, aínda que aspiran a que sexa o máximo posible, esperan ter resposta en breve.

O señor Lomba Alonso solicita copia de tal petición escrita. Aproveita que no Pleno hai unha Deputada, que é a voceira do PP, para que faga as xestións oportunas e a aportación da Xunta sexa a máxima posible. O BNG votará a favor, non porá en risco o procedemento nin a contratación das obras.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que o PP ten claro o procedemento e votarán a favor.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e cincuenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.
O Alcalde-Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia Mª Carrasco González-Alegre